



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO

DATA: 7 DE AGOSTO DE 2008

HORA: 20.30

CARÁCTER: EXTRAORDINARIO

No Salón de Sesiões do Concello de Foz (Lugo), sendo as 20:30 horas do día 7 de agosto de 2008, previa convocatoria ó efecto ás 20:30 horas, reuniuse o Concello Pleno co obxecto de celebrar sesión extraordinaria en primeira convocatoria, en cumprimento do disposto no art. 112.1.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José María García Rivera e coa asistencia dos Concelleiros:

- D. Xaime Cancio Rodríguez
- D^a. Ana A. Incera Ares.
- D^a. Rosa Alonso Rodríguez
- D. Pedro M. Fernández Marful
- D. Ramón Sixto Legaspi
- D. Ángel Cao Pérez
- D^a. María Lidia Rodríguez Moreda
- D. José Luís Sánchez García
- D. Xoán Carlos González Basanta
- D. Balbino Fernández López
- D^a. María Xosefa Alonso Otero

Asiste tamén o Secretario do Concello de Foz, D. Diego Ballina Díaz, e o Interventor Municipal, D. Luís Ramón Vázquez Parga.

A Presidencia, tras comproba-la existencia do quórum esixido polo artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e pásase ó estudo, debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á DESESTIMACIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS AO ORZAMENTO XERAL DO AÑO 2008.-

No primeiro lugar sométese a ratificación a urxencia da proposta.

O SEÑOR ALCALDE: No último Pleno falamos da necesidade de que os presupostos teñen que ir para adiante porque son o motor do Concello. Xa estamos en agosto, e se non os poñemos en marcha xa de nada vannos servir. Temos previstas actuacións neles como obras ou pagamentos a comisións de festas que non se están podendo levar a efecto, de aí a urxencia desta proposta.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sometida a votación a ratificación da urxencia a mesma obtén seis votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) e seis votos en contra. (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero). Producíndose empate sométese de novo a a ratificación da urxencia a votación na que se obtén o mesmo resultado. A continuación o Alcalde-Presidente co seu voto de calidade decide a aprobación da ratificación da urxencia.

Sométese a consideración do Pleno Municipal a seguinte proposta da Alcaldía:

Transcorrido o prazo de exposición ao público do Acordo de aprobación provisional dos Orzamentos Xerais da Corporación para o exercicio 2008, adoptado polo Pleno da Corporación con data 30 de xuño de 2008, examinadas as reclamacións presentadas contra o devandito Acordo formuladas por Don Angel Cao Pérez de data 17 de xullo de 2008 (RE 3818/2008) e Dona Inés Paz Neira de data 24 de xullo de 2008 (RE 3956/2008), e considerando o informe emitido pola Intervención Municipal con data 4 de agosto de 2008 relativo ás citadas reclamacións, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. - Desestimar a reclamación presentada por Don Angel Cao Pérez de data 17 de xullo de 2008 (RE 3818/2008), polas seguintes razóns:

Aínda que a reclamación formulada polo portavoz do Grupo Municipal Popular incide nun dos motivos taxados recollidos no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais para poder interpor reclamacións contra os acordos de aprobación provisional dos Orzamentos e das súas modificacións, en concreto:

- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto,

Este órgano considera que non queda suficientemente probada a manifesta insuficiencia dos ingresos aducida, na medida en que coa recadación procedente da taxa por depuración de augas residuais aprobada inicialmente por este Pleno en sesión de data 31 de agosto de 2008, e a obtida no resto dos recursos ordinarios do orzamento abondará para financiar os créditos consignados neste.

Segundo. - Desestimar a reclamación presentada por Dona Inés Paz Neira de data 24 de xullo de 2008 (RE 3956/2008), polas seguintes razóns:

Aínda que a reclamación formulada pola devandita Inés Paz Neira, habitante do municipio de Foz, incide nun dos motivos taxados recollidos no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais para poder interpor reclamacións contra os acordos de aprobación provisional dos Orzamentos e das súas modificacións, en concreto:

- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto,

Este órgano considera que non queda suficientemente probada a manifesta insuficiencia dos ingresos aducida, na medida en que coa recadación procedente da taxa por depuración de augas residuais aprobada inicialmente por este Pleno en sesión de data 31 de agosto de 2008, e a obtida no resto dos recursos ordinarios do orzamento abondará para financiar os créditos consignados neste.

Terceiro.- Aprobar definitivamente o Orzamento Xeral do Concello de Foz para o 2008, o detalle do cal a nivel de capítulo é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS

Cap.	Denominación	Euros
1	Impostos directos	1.850.000,00
2	Impostos indirectos	100.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.351.300,00
4	Transferencias correntes	2.090.988,78
5	Ingresos patrimoniais	119.000,00
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	89.312,00
9	Pasivos Financeiros	0,00
Total Estado de Ingresos		5.600.600,78

ESTADO DE GASTOS

Cap.	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	2.420.095,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	2.383.209,00
3	Gastos financeiros	101.700,00
4	Transferencias correntes	185.331,16
6	Investimentos reais	159.965,62
7	Transferencias de capital	12.200,00
9	Pasivos financeiros	338.100,00
Total Estado de Gastos		5.600.600,78

Cuarto. - Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento, constando as mesmas de cincuenta bases, e unha disposición final.

Quinto. - Aprobar a Plantilla de Persoal deste Concello para 2008 que figura como Anexo no expediente do Orzamento, conforme ao seguinte:

PLANTILLA DE PERSOAL

A) POSTOS DE TRABAJO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES	GRUPO
1.- HABILITACIÓN DE CARÁCTER ESTATAL			
1.1.- SECRETARIO	1	---	A1
1.2.- INTERVENTOR	1	---	A1
2.- ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL			
2.1.- SUBESCALA TÉCNICA			
2.1.1.- TÉCNICO	1	---	A2
2.2.- SUBESCALA ADMINISTRATIVA			
2.2.1.- ADMINISTRATIVO (RECADADOR)	1	1	C1
2.3.- SUBESCALA AUXILIARES			
2.3.1.- AUXILIARES ADMINISTRATIVOS	4	---	C2
2.4.- SUBESCALA SUBALTERNOS			
2.4.1.- BEDEIS	2	---	E



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

3.- ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL			
3.1.- SUBESCALA TÉCNICA			
3.1.1.- ARQUITECTO	1	---	A1
3.1.2.- TÉCNICO MEDIO (APARELLADOR)	1	---	A2
3.1.3.- AUXILIAR (CAPATAZ)	1	---	C1
3.2.- SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS			
3.2.1.- POLICÍA LOCAL			
3.2.1.1.- CABO	1	---	C2
3.2.1.2.- GARDAS	8	1	C2
3.2.2.- PERSOAL DE OFICIOS			
3.2.2.1.- OPERARIO (CONDUCTOR)	1	1	E
TOTAL	23	3	---

B) POSTOS DE TRABAJO SUXEITOS Á LEXISLACIÓN LABORAL

DENOMINACIÓN	NUMERO	VACANTES
ASISTENTE SOCIAL	1	---
TÉCNICO DE CULTURA	1	---
ENCARGADO BIBLIOTECA	1	---
EDUCADOR FAMILIAR	1	---
EDUCADOR SOCIAL	1	---
TÉCNICO TURISMO	1	1
DIRECTOR ESCOLA DE MUSICA	1	---
TÉCNICO DE RADIO	1	---
LOCUTOR DE RADIO	2	---
AUXILIAR ADMINISTRATIVO REXISTRO	1	---
AUXILIAR ADMINISTRATIVO RECADACIÓN	1	1
BEDEL CASA DE CULTURA	1	---
EMPREGADAS FOGAR (AXUDA DOMICILIO)	2	---
OFICIAL 1ª URBANISMO	12	---
OFICIAL 1ª RECOLLIDA LIXO	2	---
OFICIAL 1ª EDUCACIÓN	1	---
OFICIAL 2ª RECOLLIDA LIXO	5	---
OFICIAL 2ª DEPORTES (PAVILLÓN)	1	---
PERSOAL SERVICIOS MÚLTIPLES	3	---
PEÓNS RECOLLIDA DE LIXO	9	6
PEÓNS XARDINERÍA	2	---
LIMPADORAS	6	2
TOTAL	56	10

Sexto. - Publicar o Acordo definitivo de aprobación do Orzamento Xeral da Corporación para o exercicio 2008, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sétimo.- Remitir copia do presente expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Os presupostos están xa suficientemente debatidos. Ao noso xuízo non queda suficientemente xustificado o equilibrio presupostario malia o que se afirma na proposta de ola Alcaldía. O que nos queda, como grupo da oposición, é fiscalizar a execución deste presuposto que tampouco cremos que sexa tan urxente sacar adiante porque moitas das actuacións se podían levar a cabo igualmente e apesarmos de que non se hai podido chegar a un acordo.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Para o BNG o que queda claro é que se alteran as regras do xogo democrático sacando vantaxe dunha situación na que falta unha concelleira. Aquí non está representada a vontade popular e póñolle en coñecemento que imos recorrer en reposición este acordo porque non se están a defender os intereses xerais.

O SEÑOR ALCALDE: ¿Son eu o responsable de que ao PP lle falte un concelleiro? A situación da Corporación é a que é e temos que ser responsables cos cidadáns. Os custos da depuración estámolos a pagar da caixa municipal en vez de que cada un pague polo que consume. Quero que quede claro que desestimamos tanto as alegacións presentadas ao presuposto como á modificación de crédito.

Así mesmo quero que conste en acta que o único grupo político que presentou unha proposta para cobrar a taxa por depuración de augas residuais foi o grupo municipal socialista, ningún grupo da oposición presentou proposta económica

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Que conste en acta que a proposta de custo do mantemento non é do Alcalde senón da empresa concesionaria. O Alcalde está a actuar como un comercial da empresa concesionario e non como Alcalde de todos os veciños.

Sometida a votación a proposta **a mesma obtén seis votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful e D. Ramón Sixto Legaspi) e seis votos en contra. (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero). Producíndose empate sométese de novo a proposta a votación na que se obtén o mesmo resultado. A continuación o Alcalde-Presidente co seu voto de calidade decide a aprobación da proposta.**

2) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.-

No primeiro lugar sométese a ratificación a urxencia da proposta

A CONCELLEIRA DELEGADA DE DEPORTES E SERVIZOS SOCIAIS, SRA. ALONSO



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

RODRÍGUEZ: A urxencia do presente acordo vén motivada pola necesidade de que entre en vigor o próximo un de outubro que é cando empezan o curso de escolas deportivas

Sometida a votación a ratificación da urxencia **a mesma queda ratificada nove votos a favor (D. José María García Rivera, D. Xaime Cancio Rodríguez, Dona Rosa Alonso Rodríguez, Dona Ana Aránzazu Incera Ares D. Pedro M. Fernández Marful, D. Ramón Sixto Legaspi) D. Xan Carlos González Basanta, D. Balbino Fernández López e Dona María Xosefa Alonso Otero) e tres abstención. (D. Ángel Cao Pérez, Dona. María Lidia Rodríguez Moreda, D. José Luís Sánchez García).**

Sométese a consideración do Pleno Municipal a seguinte proposta da Alcaldía enmendada de verbo polo seu propoñente ante o Pleno Municipal:

Por esta Alcaldía sométese a estudio da Comisión Informativa Municipal de Economía, Facenda e Especial de Contas a modificación Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de servizo de Escolas Deportivas Municipais, marcando as pautas oportunas para que sexa o devandito órgano colexiado quen adopte finalmente unha proposta concreta que se elevará a debate e resolución do Concello Pleno.

O motivo da presente é a posibilidade de establecer prezos distintos en función do número de actividades das escolas nas que se matriculen os alumnos, así como introducir unha bonificación demandada hai tempo para os membros das familias numerosas.

En consideración ao exposto, esta Alcaldía eleva á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta:

Primeiro. - Aprobar con carácter provisional a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de Escolas Deportivas Municipais, quedando redactados os artigos modificados do seguinte xeito:

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZO DE ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 6º.- Tarifas.-

A contía das Taxas regulada nesta Ordenanza Fiscal será a fixada nas tarifas seguintes:

1. Matrícula mensual nas E.M.D. para 1 actividade..... 15,00 €
2. Matrícula mensual nas E.M.D. para 2 ou máis actividades 17,00 €

A matrícula número 2 dará dereito ao a participar en todas as actividades que integren as devanditas escolas deportivas.

As tarifas actualizaranse anualmente conforme ao IPC



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Artigo 7º.- Exencións e bonificacións.-

Non se poderán recoñecer outras exencións na presente taxa que as expresamente previstas en normas con rango de lei e as derivadas dos tratados internacionais.

Non obstante, a matrícula de integrantes dunha familia que teña a condición de numerosa de acordo co disposto na Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, e así o acrediten co correspondente título, en disciplinas ou actividades das escolas municipais deportivas, levará aparelhada unha bonificación do 50 por 100 da cota.

Segundo.- Expoñer ao público no Taboleiro de Anuncios deste Concello o presente acordo provisional, e a redacción dos artigos modificados da Ordenanza Fiscal, durante o prazo de trinta días hábiles, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. A devandita exposición ao público anunciarase por edicto no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a contar o seu prazo a partir do día seguinte a aquel en que se produza a devandita publicación.

De conformidade co artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, se non se producen reclamacións contra este acordo, automaticamente considerárase definitivo e procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello, xunto co texto da modificación, non entrando en vigor ata que esta publicación teña lugar.

Terceiro.- Estudar a creación de becas e axudas para familias con situacións económicas máis desfavorables.

A CONCELLEIRA DELEGADA DE DEPORTES E SERVIZOS SOCIAIS, SRA. ALONSO RODRÍGUEZ: As principais modificacións á taxa vixente consisten en diferenciar o prezo dos nenos matriculados nunha soa actividade e aqueles que se matriculan en dous ou máis. Así mesmo se recolle un desconto do cincuenta por cento para familias numerosas que é o desconto habitual que se aplica por ter o carné de familiar numerosa.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Parécenos máis lóxico que tome en conta o poder adquisitivo das familias e non tanto o número de fillos. Noutros plenos xa trouxeramos propostas nese sentido.

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: O BNG vai defender que ningún neno quede sen poder practicar actividades deportivas por falta de recursos. Por iso a proposta que presentan parécenos limitada posto que tiñan que preverse máis axudas. Podería deixarse sobre a mesa para buscar unha solución máis ampla.

a CONCELLEIRA DELEGADA DE MEDIO, SRA. INCERA ARES: Podería resultar conveniente estudar liñas de axuda para as familias con necesidades económicas mantendo o acordo sobre a taxa.

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SR. CAO PÉREZ: Propoñemos eméndese o acordo engadíndose un punto en que se recolla estudar a creación de bolsas e axudas para as familias con necesidades económicas.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O SEÑOR VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SR. GONZALEZ BASANTA: Por nós de acordo.

Sometida a votación a proposta **é aprobada por unanimidade.**

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantase a sesión sendo as 21:15 horas do expresado día, extendéndose de todo elo a presente acta do que eu o Secretario dou fe.

O Alcalde-Presidente,

O Secretario,

Asdo. José María García Rivera.

Asdo. Diego Ballina Díaz

